



Universidade de Vigo

CHAMAMENTO DOS REITORES DAS UNIVERSIDADES GALEGAS AO EMPRESARIADO

En 2004 os grupos parlamentarios da Cámara Galega aprobaron por unanimidade o chamado Plan Xeral de Normalización Lingüística. Un ambicioso proxecto para sentar as bases da política lingüística en Galicia que ten os seus alicertes nas medidas de fomento e protección do patrimonio idiomático recoñecidas polo noso ordenamento xurídico: Constitución, Estatuto de Autonomía e demais disposicións legais constitúen as fontes do dereito que regulan o uso e fomento da nosa lingua.

No limiar do devandito Plan Xeral de Normalización afirmase que a “a lingua propia parece estar ausente da economía do país e, a pesar de todo está aí: existe pero dificilmente se percibe.”


O galego, como fala maioritaria e mesmo emerxente, afirma dito PXNL, “debe ser lingua de uso normal e preferentemente en Galicia, sen prexuízo de que coñezamos ben o castelán, lingua á que non debemos renunciar nunca, porque tamén é nosa, e de que o inglés ou outras linguas empecen a ser de coñecemento necesario nunha sociedade cada día máis permeable e globalizada”.

Os ideólogos deste PXNL afirman que a lingua galega non debe ter como obxectivo desprazar unha ou outra lingua, nin impedir que os galegos aprendamos outro idioma, senón que debe servir para que calquera poida vivir plenamente en galego, consonte co ordenamento xurídico vixente e os principios establecidos pola xurisprudencia.

O sistema universitario galego que vertebra a nosa sociedade utiliza maioritariamente a lingua galega nos órganos administrativos.. A Xunta de Galicia e corporacións locais, xestionan neste idioma os respectivos ámbitos competenciais; o galego polas similitudes co portugués e as súas variantes, pode ser comprensible no mercado global por millóns de persoas consumidoras.

O noso ordenamento xurídico protexe os dereitos lingüísticos da cidadanía e tamén dos usuarios e consumidores. Mais ocorre que no ámbito socioeconómico a cultura da cooficialidade lingüística segue amosando grandes espazos de indiferenza, malia os avances acadados nos últimos anos en sectores da alimentacio nos que a etiquetaxe en lingua galega está cada vez máis pesente. Unha anomalía que debemos corrixir para afortalarnos como comunidade con sinais de identidade propios.

Os reitores das tres universidades galegas temos a obriga de pronunciarnos sobre a necesaria incorporación da lingua galega ao mundo empresarial. Un reencontro que ten na filosofía da Responsabilidade Social Corportativa e no ordenamento xurídico os esteos sobre as que asentar unha nova práctica de convivencia coa cultura do país. Esta convivencia debe exercitarse coa observancia dos dereitos lingüísticos dos traballadores e usuarios, ao tempo que dignificar a nosa identidade. A lingua galega é un medio para acadarmos a cohesión social e acrecentar a autoestima da cidadanía.



Universidade de Vigo

Polas razóns expostas, o Reitores das universidades de Santiago de Compostela, Vigo e A Coruña chamamos ás empresas radicadas no noso territorio a iniciaren un proceso de incorporación progresiva da lingua galega nas súas actividades nas relacións laborais, na publicidade, etiquetaxe e demais manifestación da actividade empresarial

Fagamos unha Galicia máis cohesionada identificándonos cos valores patrimoniais do país.

Antonio López Díaz
Reitor
Universidade de Santiago de Compostela

Julio E. Abalde Alonso
Reitor
Universidade de Coruña

Manuel Joaquín Reigosa Roger
Reitor
Universidade de Vigo